

MEPF/XMLC/pvi

XUNTA
DE GALICIA Saída 750564 / RX 873900
REXISTRO ELECTRÓNICO
SANTIAGO DE COMPOSTELA Data 02/05/2023 13:36:41CAD ATLETISMO GALEGO
Avenida Che Guevara 121. Oleiros
15179 A CORUÑA

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLA QUE SE CONVOCA, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO, A PROBA ESPECÍFICA DE ACCESO AO CICLO INICIAL DE GRAO MEDIO DAS ENSEÑANZAS CONDUCENTES Á OBTENCIÓN DO TÍTULO DE TÉCNICO DEPORTIVO EN ATLETISMO NO CAD ATLETISMO GALEGO.

Pola Orde do 26 de xullo de 2021 (DOG do 6 de agosto) autorízase a apertura e o funcionamento do centro autorizado de ensinanzas deportivas CAD Atletismo Galego, do concello de Oleiros (A Coruña), para impartir o ciclo inicial das ensinanzas conducentes á obtención do título de Técnico deportivo en Atletismo.

O Real decreto 669/2013, do 6 de setembro, establece o título de Técnico Deportivo en atletismo e fixa as súas ensinanzas mínimas e os requisitos de acceso (BOE do 2 de outubro), modificado polo Real decreto 980/2015, do 30 de outubro (BOE do 25 de novembro), e o Decreto 190/2015, do 10 de decembro, establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondente ao título de técnico deportivo en atletismo. (DOG do 18 de xaneiro).

O capítulo V da *Orde do 22 de xullo de 2021 pola que se desenvolven determinados aspectos da ordenación académica nas modalidades deportivas de ensinanzas de réxime especial implantadas na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG do 30 de xullo) regula o acceso ás ensinanzas deportivas tanto en centros públicos como autorizados.

Con data de rexistro do 12 de abril de 2023, o centro autorizado CAD Atletismo Galego solicitou autorización para a realización da proba específica de acceso ao ciclo inicial de grao medio en atletismo perante esta Dirección Xeral de Formación Profesional.

Tendo en conta a flexibilidade na oferta educativa de ensinanzas deportivas recollida na normativa, e co fin de non causar prexuízo ao alumnado que desexa cursar estudos en dito centro, esta Dirección Xeral RESOLVE convocar a proba específica de acceso ao ciclo inicial correspondente ao título de Técnico deportivo en atletismo, que se realizará de acordo ao seguinte:

- O tribunal avaliador constituirase nalgún día anterior a data do exame, reunirse outro día para a preparación do exame e das instalacións onde se realizarán as probas, e reunirse nalgún día posterior a data do exame para rematar a avaliación e resolver as reclamacións se as houberse.
- A proba terá lugar **nas instalacións deportivas do INEF Galicia (Avenida Ernesto Che Guevara, 121, 15179 Oleiros, A Coruña), o luns 22 de maio de 2023 ás 10.00 horas**. En caso de que as condicións meteorolóxicas non permitan realizar as probas nese día, o tribunal poderá cambiar a data da proba.
- So poderán inscribirse na proba específica as persoas aspirantes que reúnan os requisitos académicos establecidos para poder cursar estas ensinanzas.
- A inscrición para a realización das devanditas probas deberá formalizarse na secretaría do CIFP Universidade Laboral (Rúa Salvador Allende, 15670, Culleredo (A Coruña)) ata o día **12**

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.gal

de maio de 2023, presentando a documentación establecida na Resolución do 4 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convocan probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2023/24.

- As persoas aspirantes deberán aboar os prezos públicos de acordo co establecido no Decreto 89/2013, do 13 de xuño, para este tipo de probas.

- A listaxe provisional de admitidos/as das persoas aspirantes publicárase o **15 de maio de 2023** no taboleiro de anuncios e na páxina web do CIFP Universidade Laboral.

- As reclamacións a listaxe provisional realizarase os días **16 e 18 de maio de 2023** a través da secretaría do citado CIFP.

- A listaxe definitiva de admitidos/as e a distribución dos aspirantes en función das probas publicárase o **19 de maio de 2023** no taboleiro de anuncios e na páxina web do CIFP Universidade Laboral.

- A listaxe provisional de aspirantes que superen as probas publicárase o día **23 de maio de 2023** no taboleiro de anuncios e na páxina web do CIFP Universidade Laboral.

- As reclamacións aos resultados das probas realizarase os días **24 e 25 de maio de 2023** a través da secretaría do citado CIFP.

- A listaxe definitiva da cualificación dos/as aspirantes publicárase o **26 de maio de 2023** no taboleiro de anuncios e na páxina web do CIFP Universidade Laboral.

- O tribunal da avaliación terá a categoría cuarta, e as persoas que o integran percibirán as correspondentes compensacións económicas polas actividades realizadas, conforme o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo do persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, ou norma que o substitúa.

- As probas serán administradas, avaliadas e cualificadas por un tribunal que estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: Fernando Fernández Fraga (inspector de Educación)
- Secretario: Juan Emilio Riveiro Rodríguez
- Vogal titular: Isidoro Hornillos Baz

Atendendo ao artigo 22 do *Decreto 190/2015, do 10 de decembro, polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo en Atletismo*, e ao artigo 28 da *Orden do 22 de xullo de 2021 pola que se desenvolven determinados aspectos da ordenación académica nas modalidades deportivas de ensinanzas de réxime especial implantadas na Comunidade Autónoma de Galicia*, o tribunal deberá estar formado por un mínimo de 3 avaliadores/as. Polo tanto, en caso de ser un número inferior a 3 o día da proba, non poderá levarse a cabo ditas probas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación Profesional
María Eugenia Pérez Fernández

